

## Politonos

**Lupe Gómez**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

GÓMEZ, LUPE (2012 [2008]). “Politonos”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 706 (14 de febreiro), 1-12. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2176>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

GÓMEZ, LUPE (2008). “Politonos”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 706 (14 de febreiro), 1-12.

\* Edición dispoñíbel desde o 2 de agosto de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

14 F E B R E I R O D O 2 0 0 8 - N Ú M E R O 7 0 6

**r d l**

REVISTA  
**DAS  
LETRAS**



**'Politonos'**



# ‘Politonos’

## O amor

**Lupe Gómez**

Un xornal, ao igual que uns zapatos ou un armario, é un obxecto de desexo. Todas as mañáns os xornais sorpréndennos, igual que nos sorprende o amor. Lemos as letras grandes, as noticias que máis nos interesan.

Nos xornais escribe xente moi lista. Por iso os xornais son fermosos como a sabiduría. Namóranme as persoas que parece que sosteñen sobre elas o peso do mundo. As persoas que cumpren cos seus traballos. Como a miña profesora de ioga, á que lle escribin un poema. Ou Manolo Rivas, o gaiteiro que continuamente está reinventando a flor galega do toxo.

Trátase sempre, na vida e no amor, de manter o equilibrio. Gústame un exercicio que facemos en ioga: soste o peso do corpo sobre unha soa perna, na punta do pé. É divertido. Pensar que a vida está chea de *politonos*. Voces distintas que se aman e se mesturan. O poeta Carlos Oroza dicía nunha entrevista: “yo leo mucho la prensa, está viva. El libro ya es pasado”. Tamén dicía: “De vez en cuando lanzar un disparate es muy saludable” e estou de acordo con el. Cando digo dispartates quedo moi relaxada. A cama é o escenario do amor. Todos os días hai que facer a cama, para que estea contenta e bonita. Tamén

hai outra posibilidade: deixar a cama sen facer, pero daquela a cama non estará tan contenta nin tan bonita. A elegancia e a estética son importantes. Polas tardes temos máis tempo e volvemos ler os xornais. Repasámoslos. Estudámoslos. Como eses velliños xubilados que están nos bares porque non teñen outra cousa que facer. Eles son estoicos, non teñen présa por amar nin por vivir. Quizais só eles len a letra pequena dos xornais. Só eles poderían falar e opinar sobre a actualidade. Amar tamén é odiar.

Por iso as perruqueiras desta cidade me parecen tan desagradables e histéricas. Cando quero poñerme guapa ás veces póño-me máis fea. Menos mal que existe o Photoshop. O Amor é un laboratorio do que saen noticias que parecen poemas, e poemas que parecen noticias. Heidi é unha nena profundamente namorada. Falar coas vacas é o mellor deporte para a alma. Ao chegar a noite os xornais van parar ao lixo, e daquela morren. É como se todo o coñecemento, todos os artigos, toda a paixón desaparecesen. Como se todo o que os xornais din nunca tivera existido. Cando chega “the end of love” desaparece o Amor e non queda del ningunha pegada, ningún rastro? Todos os días, ao amor e aos xornais lévaos o Vento...?

## A cociñeira do ioga

A Xulia, a miña profesora de ioga

Son a cociñeira  
do ioga.

Lentamente  
invento o silencio.

Fago tortilla,  
ensaladilla e  
croquetas.

Vivo  
nun acuario  
con todos os peixes  
do mundo.

Subo polas paredes  
cando me enfado.

*O amor non é un  
contrato, non é un  
pesadelo.*

Se queres facer ioga  
tes que ser educada  
e poñer chandal.

Non podes traer á clase  
de ioga os teus biorritmos.

Tes que abandonar o mundo  
cando quedamos calados.

Cando pecho as portas  
do meu estómago.

Xa non como máis.  
Xa non fago máis ensaladilla.

Veñen homes ás clases  
de ioga porque eles  
son duros e inxeis.

Facemos as posturas  
da Natureza.

Queda vida nos bosques?

A cociñeira do ioga  
sobe ao autobús polas tardes  
e cruza os hemisferios  
da cidade.

Para adelgazar camiña  
catro quilómetros  
pola Alameda.

Ás veces non quere  
adelgazar. Ás veces  
o seu corpo é  
un balé.

Ela le revistas do corazón  
nas que a xente está  
moi relaxada e  
despreocupada.

Nas clases de ioga  
tentamos converternos en árbores.

É como ir ao colexio.  
Imos todos os do barrio.

Hai mulleres de cincuenta anos  
ou máis que teñen problemas,  
que necesitan esquecer.

Os problemas métense no corpo  
como os vermes nas mazás.

Estamos orgullosos  
de ter unha cociñeira no barrio.

A cociñeira di que “o noso corpo  
é como un río”, que se nos mancamos  
temos que volver ser bebés.

Se sufrimos temos que facer que  
o río recupere o seu cauce. Sentirnos  
libres como o alemán de Camelle.

Os biorritmos teñen que  
converterse en caixas de música.

TEMOS QUE APRENDER  
A COCIÑAR.

Ás veces poño aneis  
moi grandes de plástico,  
moi elegantes, para espantar  
as moscas.

Os meus namorados dinme  
“que guapa estás”, COMO SE O RÍO  
LEVASE MOITA AUGA.

No barrio da cociñeira  
hai moita luz.  
As mañáns son  
de chuvia e cores.

A cociñeira ri sempre  
porque está cansa de vivir.

Todo é tan absurdo  
como facer ioga.

Cando facemos  
o gatiño enfadado  
e o gatiño contento  
danos moitas ganas de rir.

Temos ganas de mexar.  
Aínda que sexamos  
moi guapos.

Namórome en ioga.  
Vólvome cega  
de nacimiento.

Vou polas corredeiras  
cos ollos tapados, e as flores  
son tan agradables e tan olorosas  
que a min me entran ganas de súar.

O MEU CORPO É BRILLANTE  
PORQUE AS COCIÑEIRAS  
SEMPRE BRILLAN CANDO  
ENSAIAN RECEITAS.

Estou viva porque algún día  
estarei morta.

Ela cando fai ioga  
sente algo tan inexplicable  
que non quere falar con ninguén.

Moitas veces quedo  
sen palabras.

Gustaríame non ter que falar.  
SER MUDA COMO  
OS ANIMAIS.

A cociñeira érguese moi cedo  
e pola noite durme mal.  
Non descansa.

Prepara o almorzo  
coas súas mans delicadas  
e cheas de terra.

Ela naceu nunha aldea  
e ata que foi á cidade  
era moi burra.  
Non sabía  
facer nada.

AGORA SABE FACER  
ROBALIZA NO FORNO.

Sáeme ben  
a paella.

Veñen vacas  
á clase de ioga.  
Chegan ilusionadas  
e marchan en silencio.

En Portugal  
os pobres van  
ás procesións.

Non manches a cara.  
Non collas flores.

Gústame a poesía  
porque é un xeito  
de beber viño.  
Non é o viño da misa.  
É outro viño.

Ela unha vez nunha oferta  
comprou un libro de Rosalía  
de Castro e non sabe onde  
pero teno nalgún lugar  
da súa casa.

Vai pola rúa cargando  
con todo o que atopa.

A xente do barrio leva  
todo ás clases de ioga.  
Queren deixar alí todo.

Ela non pode con  
tanta enerxía.

Ás veces gústalle  
curar a xente e ás veces  
séntese demasiado responsable.

O amor para ela tamén  
é unha pregunta.

Se non houbese preguntas  
tampouco habería coches  
nas rúas. Non habería  
semáforos.

A cociñeira fai ioga,  
fai empanadillas, fai samba,  
fai manualidades. Non fai  
informática, nin lle gusta  
nin a entende.

O río leva música.  
Hai pianos no interior  
da auga.  
Hai unha fonte moi grande  
na que nacen todas  
as cousas.

A cociñeira vomita.

A cociñeira fai  
o saúdo ao sol  
e queda moi contenta.

Despois nunca é  
de noite.

O barrio brilla, e  
o meu corpo convértese  
nun poema naïf, nunha  
lámpada alta. Teño medo  
da escuridade como  
cando era nena.

Os portugueses tamén  
se cansan de falar.

Cansome  
de escribir. De petar.  
De berrar. Cansome  
de amar. Cansome de  
coller no buzón as  
cartas do banco.

Cansome do silencio.  
Cansome da música.

Chega a cociñeira  
no seu autobús  
todas as tardes.

Di que o ioga é moi bo.  
Que é moi san.

Ela cociña e eu  
tatexo.

Ela cociña espárragos  
e a min non me gustan.

Quero estar  
gorda porque  
non me gustan  
os tomates.

Fago haikus.  
Estiro a cabeza.

Os do barrio  
facemos unha queimada.  
Saímos do ioga borrachos.  
A augardente  
queimando no peito.

Gústame facer  
a postura da raíña,  
e a da bolboreta.

Sentir que  
regreso. Todo está  
como estaba. O río  
segue limpo.

Sentir o círculo  
das cebolas.

Comer pan con queixo.

Cociñar lentamente  
o silencio...

## Facer a cama

A miña nai, que sempre me di  
como teño que facer a cama

*Gústanme ter  
a cama feita pero  
non me gusta  
facela.*

Todas as mañáns a mesma historia. “Hai que facer a cama”  
Fágoa ás présas e mal. Non estiro as sabas nin as mantas.  
Miña nai sempre me di: “es unha trapalleira”. Ela quere ensinarme  
a facer a cama. Quéreme dar unhas clases. Todos os días fago  
CORRENDO a cama, porque teño ganas de poñerme a escribir poesía,  
crónicas ou reportaxes. Gustaríame andar en pixama pola rúa.  
Estou namorada do dicionario. É un mundo por descubrir, cheo de palabras.  
Estou namorada do meu ordenador obsoleto, teño Windows 98...  
No meu ordenata podo pintar o ceo, as estrelas. Podo ir de paseo ou de viaxe.  
O meu cuñado alcalde do PP preguntoume unha vez: “sabes facer as camas?”  
Eu díxenlle: “NON”. Sentínme feliz como unha casa desordenada  
con poemas nas paredes. LATÉXAME o corazón todos os días.  
Todos os días fago a cama. Son unha perfecta ama de casa.  
Encantame poñer mandil. Maquíllome para cociñar.  
Gústame lavar a roupa na lavadora e tendela. FACER UN CADRO coas cores  
das bragas, das saias, dos trapos. Son Andy Warhol, vivo na fin do mundo.  
A cama serve para moitas cousas. Serve para durmir, para soñar, para  
facer o amor, para ver a televisión.... A cama ás veces rompe porque  
peso moito. Porque dou pinchacarneiros e salto sobre ela.  
Cando vou para a cama polas noites síntome  
como unha persoa íntegra e cansa. Ás veces teño INSONNIO  
e póñense a danzar as bailarinas con traxes de arame.  
Nos días festivos gústame meterme na cama e non saír.  
A cama é un planeta. Fago unha instalación artística cada vez que  
fago a cama. Teño monecos sobre a cama. Teño porquiños.  
Son unha dama e cando fago a cama son máis humana.  
Amence de forma clara,  
repenica unha campá,  
soa música no alto  
da casa....

Vou desfacer a cama.



## Impresionar

6 | **rDL**  
Galicia Hoxe 14/02/08

*Fago un vestido*

*precioso para*  
*ir co meu amado.*

*Quéroo impresionar.*

Vou co meu namorado xantar a un restaurante.

Vou guapa como se fixese a primeira comunión.

El leva sombreiro. Parece un galán.

El dime "comemos cogomelos?". Eu dígolle: "non me gustan".

Miro a carta. Quero comer un menú infantil. Beber cocacola.

Que el me dea un regalo. A cidade resplandece. (Teño outro amor  
gardadiño no volante da saia. "Cando queda clausurado un amor?")

El fáleme de escritores, películas, artistas... Saca toda a ARTILLARÍA, toda

a Cultura... Eu expoño os meus coñecementos, os meus gustos musicais,

o que aprendín no colexio. Quéroo impresionar e móstrolle as miñas costuras,

os meus encaixes, os meus remendos. El cóntame como se fixo o seu traxe,

Fíxoo un xastre encantador. O amor é MEIRÓ.

Son melosa e sempre quero estar contigo.

O menú infantil ten salchichas, hamburguesas. Ten cousas ricas.

Estou aforrando para ir a Brooklyn e ser *cool*.

Ti e eu somos países. O amor é unha INVASIÓN.

Ti invádesme e eu invádote.

Porque todos os amores son imposibles?

Voume converter en VIDEOARTISTA.

Facer vídeos como facer barcos.

Vou facer unha saia technicolor, vou parecer

unha pallasa e ti non me vas recoñecer.

Vou estar no río

esperando que aparezas, que me mandes


unha carta, que me leves a un restaurante...

Teño nas mans os patróns do vestido máis bonito  
do mundo. Quero que me fales de cando a Arte era  
unha nena sen maquillaxe, que me leves en taxi,  
que me cosas pouco a pouco,  
que me deixes libre....

A vida en construción...

A miña tía Lucita,  
a costureira humana e elegante  
de Fisteus

Ao pintor marifeiro



## Oda ás perruqueiras

Ao meu perruqueiro Bernardo.

Á miña estilista Tere.

*Non me gustan  
as perruqueiras.  
Son pesadas,  
son artificiais,  
son histéricas.*

Vou pola cidade buscando unha perruqueira que me comprenda.

Que non me agobie. Ás veces fai sol e estou contenta, vou á perruqueira, póño-me de mal humor e ponse a CHOVER. As perruqueiras sempre teñen cousas que dicir. "Tes a pel moi seca, tes que poñer crema hidratante, tes que facer un peeling, tes mal a circulación, tes o pelo moi fino, nunca fixeches a manicura?, deberías facer unha limpeza de cute, terías que facer a depilación láser..." Sácanme de quicio... Case prefiro ter bigote como o meu cuñado alcalde do PP.

É como se o corpo fose unha guerra mundial. Unha vez unha perruqueira díxome "A MÍ NO ME GUSTA EL GALLEGO".... A miña estilista preferida é Tere.

Tere é da aldea. Fago tertulias con ela mentres me peitea. Parece que estamos na leira apañando patacas. Ela non me complica a vida. Dime as cousas tal como son. Ela non vive nas nubes. Lévome ben co meu perruqueiro Bernardo. Déixolle facer o que el queira co meu pelo. É un perruqueiro doce, simpático, pop. As perruqueiras soñan con gañar concursos de beleza, ser fantásticas, casar con homes perfectos. A min as perruqueiras fanme doer a cabeza. Admiten na góndola mulleres sen depilar? O amor é un fenómeno paranormal. Carlos Oroza pasea polas rúas de Vigo. Está delgado porque non come. Monto nun barco de vela co meu amigo que pinta estrelas. Encerro con chave as perruqueiras nas súas perruquerías. Que queden aí, que nunca saian!

I hate perruqueiras....

I hate homes chulos....

A catedral é un avión de pedra.

**rDL** | 7  
Galicia Hoxe 14/02/08





## Poema cheo de zapatos

*No poema  
ten que haber  
moitos zapatos,  
como nunha zapatería.*

Zapatos caros e cómodos. Zapatos baratos que magoan.  
Metemos os pés nos zapatos e CAMIÑAMOS...  
Os zapatos son variopintos e diferentes, como as persoas.  
Un día vin un lobo cuns zapatos moi grandes.  
Hitler tiña uns zapatos terribles. Os zapatos de María Zambrano estaban cheos de pensamento.  
Van Gogh tiña uns zapatos tristes e apesarados. Isabel Pantoja fai moito ruído cos seus zapatos cando canta. Cesaria Evora móvese descalza e libre polo escenario...  
Fai falta Deus e fai falta o Demo. Unha vez vin como violaban unha muller nunha película.

“A vida é un cúmulo de marabillas que nos suceden a diario”.

Os zapatos de marca que máis me gustan son os de CAMPER.  
Un poema é un esforzo de concentración. Páganme 3000 euros por cada poema que fago.  
Heidi levaba uns zapatos cheos de flores cando se namorou das MONTAÑAS.  
Nas festas patronais hai que facer carne asada nas brasas.  
Hai que bailar como se fose unha obriga –aínda que che doian os pés, aínda que che aperten os zapatos-. Hai que facer ensalada para 20 persoas. Hai que facer café...

VOUME POÑER EN FOLGA.

No poema hai zapatos de mulleres preñadas, zapatos de mulleres coa vista cansada, zapatos de mulleres mudas, zapatos de mulleres obesas, zapatos de mulleres cegas, zapatos de mulleres con diabetes...

Hai zapatos vexetarianos!!!

Como serán os zapatos das catequistas? Abertos ou pechados?

Os zapatos dos taxistas son planos...

A vida é inxusta e TÉTRICA como os pallasos. O músico portugués Júlio Pereira toca moi ben o bandolim.... É unha música alegre e romántica, como os zapatos escuros de Rosalía de Castro.

As monxas poñen chándal e póñense a facer AEROBIC. Os zapatos das monxas son raros.

Existen zapatos moi presumidos e existen zapatos moi discretos.

Teño moitos pares de zapatos, moi modernos e moi desordenados.

Non quero un noivo sen zapatos.

Hai zapatos autóctonos e hai zapatos que viñeron en avión dende o estranxeiro.  
Cando durmo en hoteis sempre coloco os zapatos no lugar máis bonito.  
As pallasas tímidas escóndense para poñer os zapatos cos que van facer un espectáculo.  
Cando teño zapatos novos son a persoa máis feliz do mundo. Parece que me medra o corpo.  
Un poema debe ser como un supermercado. Tes que poñer uns zapatos maravillosos para ir a un concurso á Televisión. Os zapatos valen para ir en autobús ou para ir ó cárcere.  
Hai zapatos “de fiesta” e hai zapatos de mortos e represaliados na Guerra Civil.  
Se estou triste ou enferma agasállanme cuns zapatos de tacón altísimo.  
Aos elefantes quédanlles moi ben os zapatos das geishas.

Quero dedicarme ao contrabando!

Hai contaminación en todas partes. O sol está contaminado.  
Está contaminado o Amor. Están contaminados os parques.  
Quedan poucos burros. O burro é un animal en perigo de extinción.

“Os teus ollos sedutores  
son dúas Ave Marias”



## Carta a unha vaca

Ao meu pai, que falaba  
moito coas vacas.

Querida vaca

*Estás tan gorda que parece unha bola de graxa.* Porque sempre estás tan tranquila? Eu teño TECNO-ESTRÉS.

Porque morre tanta xente de cancro? Pola contaminación? Polo sobrepeso?

Polo tabaco? Polas noites gústame comer DEZ EMPANADILLAS. Vou facer réxime e perder 20 QUILOS. Querida vaca: Agora tes ganas de chorar pero cando chegue a luz dun novo día verás todo DENDE OUTRO PRISMA. *As vacas son eróticas? Como é a risa das vacas?* A “aloe vera” está de moda. É boa para a pel, axuda a cicatrizar as feridas.

Sabes facer haikus? Sabes permanecer calada durante 24 horas? Sabes falar polo móbil?

Sabes remoer as cousas, os pensamentos, a herba? AS VACAS SENTEN AMOR?

O amor é un impulso ancestral circunscrito nunha parte moi pequena do cerebro.

Vou tirar o amor ao lixo, xunto cos tetra briks e cos plásticos. SE RECICLAS O LIXO PODES CHEGAR A SER FAMOSA. O mundo avanza cara á destrución. Pero ti, querida vaca, non te inmutas. Permaneces FERMOUSA E SAGRADA. Un home díxome que “o cu das vacas contamina” e eu non podía acreditar. As vacas sodes as raíñas.

AS AMIGAS FRANCAS DE OLLOS GRANDES. Que ocurriría se os xornais, en lugar de noticias tristes, trouxesen noticias alegres? Nin ti nin eu somos infalibles.

Temos medos, dúbidas, ciumes. “A ironía serve para darlle menos importancia ás cousas”.

Estás tan gorda! Gustaríache ser unha vaca anoréxica? A poesía é un oficio ou unha perda de tempo? Como fas para estar sempre guapa? Que ben te conservas, vaca! Non tes ningunhas enrugadas. “QUIEN TUVO, RETUVO”.

A sinceridade é unha bandeira. Os amantes fan o ridículo cando xa non saben agarrar o Amor. A túa casa son os campos verdes de Galiza? Qué é unha “foto-log”?

Como funciona un iPod? Se vas a unha librería cales son os libros que máis che gustan?

As vacas bailan e fuman haxix nos antros? O sexo, pouco a pouco, é unha revolución. A inmigración conleva TRISTEZA CRÓNICA...

Querida vaca, es boa cociñeira ou prefires comer nos restaurantes?

Sabes facer caldo galego? O marisco sabe ben nas bodas.

“Mi vida,  
charquito de agua turbia,  
burbuja de jabón,  
mi último refugio,  
mi última ilusión.”



## Carta a Heidi

Querida Heidi

*Gústanme os teus coloretos.*

Es algo parva? Es intelixente e faste a parva? Es moi delicada. Cando chegas ás montañas quitas toda a roupa e quedas en bragas... "Hai moitas persoas actualmente discapacitadas por trastornos de ANSIEDADE"  
Gústache Pedro ou prefires outros homes máis MACHOS? Gústame facer preguntas e pasear polo bosque. Os cazadores poden matarme... "Gustaríame vivir da música, tranquilamente e con dignidade". Heidi, ti entendes de política? Para comprender as noticias de política hai que ter uns esquemas previos, uns coñecementos de economía, sociedade e teoría política. Heidi, es tan feliz! Es inocente ou culpable de todos os sufrimentos e todas as guerras? Conservas intacta a capacidade de sorpresa. Se ves un touro poste a correr. Estás cansa de tanto saír na televisión?  
Querida Heidi, es bruta como un arado? Prefires ser analfabeta ou catedrática? Fasme CHORAR cando es tan boa... A Natureza é a túa relixión.  
Nas montañas non hai colesterol nin triglicéridos. Comemos touciño, e os queixos que fai o abuelito. Non hai centros comerciais. Non hai drogaditos. Só estás ti co teu corazón grande... E Copito de Nieve.  
Heidi non necesita ir ao psicoanalista. A Heidi non lle fan 'mobbing' no traballo. Heidi descoñece palabras como "ergonomía", "merchandising", "OPA".  
Querida Heidi: ti cres na Galiza mártir? A túa lectura preferida é 'Sempre en Galiza'? Dicia Pessoa que "as cartas de Amor son sempre ridículas".  
Fago meditación dúas horas ao día e CANTO MÁIS ME QUERO RELAXAR MENOS ME RELAXO. Está de moda ser budista. Os chourizos saben ben quentándoos no microondas. Es fráxil, Heidi? Tes medo de sufrir cando baixas a rolos e a risas pola montaña abaixo? Tes medo de morrer tuberculosa no cárcere como Miguel Hernández? Pareces tan transparente e clara! A túa felicidade é tan valente!  
"Niebla" é un nome precioso para un can. "Blanquita" é unha cabra guapísima.  
Queres que a Consellería de Industria poña unha fábrica nas túas montañas?  
Queres que leven o teu abuelito para unha residencia de vellos?

Non chores, Heidi. As mafias non poderán destruír a túa felicidade.

Abuelito,  
dime tú,  
porqué soy tan feliz?

## Oda ao Photoshop

Co Photoshop podes manipular as fotos  
*e ser tan guapa como ti queiras.*

Pódense manipular os sentimentos.

"A convivencia é difícil"  
"Estás preparada para a vida moderna?"

Novoneyra escribiu:

"dá vergonza vivir  
dá vergonza estar vivo e ver a PRIMAVERA"

A linguaxe é o honor  
máis grande do ser humano.  
Quero convivir coa Natureza.

Aumenta o turismo ao Tibet e os monxes tibetanos  
protestan para que cese a persecución de budistas.

Os carteiros rurais traballan en malas condicións.  
O AMOR agora é moi PRECARIO.

"I LOVE YOU" PERO  
NON ME BOTES O  
MAL DE OLLO...

Co Photoshop podes manipular  
as relacións humanas...

"Vivan os que andan no baile,  
vivan os que andan bailando,  
vivan tamén os amores  
onde me están agardando"



## Escritores rebaixados

*Se vas ás Rebaixas  
atopas escritores  
moi baratos-as.*

En Galicia é típico chamar os escritores para todos os eventos.  
Os escritores deben ser moi comprometidos, aceptar todos os convites.  
Cobrar polo teu traballo sería inmoral. Os artistas vivimos do aire.  
Almorzo un zume de aire. Xanto unha ensalada de aire. Merendo un bocadillo de aire.  
Ceo unha salchicha de aire. “El dardo es esa mirada hacia el espejo de la lengua en la que nos descubrimos, porque el lenguaje nos mira.” María Antonia Dans, a pintora de Curtis, era culta pero exercía de inxenua. Gustaríame ser unha das mulleres dos seus cadros.  
Respetar os dereitos de autor é utópico.  
De noite escoito a Novena Sinfonía de Beethoven e chámame ao móbil para dicirme: “mañá tes que vir falar de SEXO á Radio Galega”.  
O escritor perfecto ten que ir a todas partes. Ten que ir á feira do cocido de Lalín, a todas as manifestacións do mundo, ás festas de Luar, aos xurados de todos os premios, aos talleres literarios.  
Tes que facer moitísimas achegas totalmente altruístas.  
ESFORZARTE PARA QUE A CULTURA DO PAÍS VAIA PARA ADIANTE.  
“Se che dá unha trombosis cerebral podes quedar coa boca torcida e cunha parte do corpo totalmente paralizado”. Nas Rebaixas atopei un escritor por cinco euros.  
Metín o escritor nunha bolsa de plástico e pasei polos parques da cidade toda a tarde.  
Gustaríame ser unha sombra chinesa. Pablo Neruda era un home profundamente feliz. No Corte Inglés atopei unha escritora que me hipnotiza. AGOTA KRISTOF.  
Prefire ser analfabeta, e fai un discurso da IDENTIDADE que me corta a respiración.  
As cinco preguntas dos periodistas son: Who? When? Why? Where? What?  
“Palpas os tempos, lambes as terras, trillas os días e vas andando”.  
Quero romper un nocello no macrobotellón e coller unha baixa laboral de tres meses.  
No contedor do lixo atopei un escritor galego que se compromete con todas as causas perdidas. “Queres vir a un recital a Cambados o 12 de novembro?”. “Pagádesme algo?”. “Ah, non, pagar non pagamos nada.”  
Pois chamade ao Fary, a ver se el vai de balde.  
O desamor é unha mutilación. DÓENME as músicas que descubrín contigo.

Gústame seducir e ser seducida...  
Os semáforos do Amor están en VERDE.  
Un guiso con zancos de polo é moi saboroso.

“Te vas Alfonsina  
con tu soledad,  
¿qué poemas nuevos  
fuiste a buscar?”



**Coordinación: A.R. López e M. Dopico. Deseño: Signum.**

## **Carta a un armario**

Querido armario.

*Es un mundo  
no que caben  
moitas cousas.*

Unha vez vin no xornal unha muller dentro dun armario. No meu armario hai moitas saias, moitos pantalóns vaqueiros. Hai camisetas, abrigos, bufandas, secadores de pelo. Hai bolsas de viaxe, nubes azuis, pianos, perfumes.

Hai froita, cadernos, fotos, maquillaxe. Hai noticias do día.

Hai obras de teatro aburridas e obras de teatro alegres. No meu armario hai películas de Wim Wenders. Dentro do meu armario están Maruxa Mallo e Carolina Otero falando de Amor e Política. Miña nai sempre me di: “a ver cando lle das traza a toda esa roupa que tes no armario...”. Teño toda A MIÑA VIDA no armario de Fisteus. Os diarios da infancia, as cartas que me escribían os noivos na adolescencia....

Un día vou ir DE PESCA co meu armario...

Queres poñer no lugar máis bonito da túa casa un cadro da artista portuguesa Paula Rego? As mulleres, cando sofren, vólvense FEAS. No meu armario hai monxes tibetanos. “Hay niñas difíciles que parecen perros”. A Vida ten zapatos de charol.

O afecto une as persoas.

“Recoñecémonos no mundo pola imaxe. A nosa conciencia forxouse coa fotografía, coa súa verdade, coa súa mentira”. Non quero unha casa sen mobles. A literatura que se escribe hoxe en día é unha literatura moi lixeira, de usar e tirar. Non hai profundidade. O barco sae ás 7.30 da mañá e temos que ser moi puntuais para escapar deste mundo que non nos gusta. Querido armario: ti admites todas as perspectivas, todos os puntos de vista, todos os encadres. Es unha parte moi xenerosa de todas as casas... Estás tan cheo que vas estourar. Podes sufrir un atentado. O terrorismo é o gran desafío do mundo actual. Unha vez vin un marabilloso espectáculo de Marta Carrasco. Unha bailarina chocando coas paredes do escenario. Unha danza MAGNÉTICA. Querido armario: invítote a vir comigo ver a nova obra do CDG.

Teño reservadas dúas entradas.

Os armarios son eróticos porque producen PRACER.

Os dermatólogos saben moito sobre as persoas.

“No controles  
mi forma de bailar,  
porque es total  
y a todo el mundo gusta.”